



***BASES PARA UNHA CAZA
SOCIAL NA GALICIA
DO SECCULO XXI***

SANTIAGO DE COMPOSTELA <> 21 DE ABRIL DE 2007



A primeira cita será o 21 de abril, en Santiago de Compostela.

ARRANCAN OS “ENCONTROS POLA CAZA”

A Federación Galega de Caza ven de poñer en marcha unha nova iniciativa denominada “*ENCONTROS POLA CAZA*”, que pretende ser un foro de debate pero, sobre todo, un lugar de encontro onde se abordarán os temas máis importantes e de maior preocupación para o presente e futuro do deporte cinexético galego.

As conclusións de cada *Encontro* deberán marca-las pautas a seguir nas futuras actuacións da Federación. A FGC pretende que estas conclusión sexan consensuadas e compartidas por todo o colectivo.

Baixo o lema “*Bases para unha caza social na Galiza do século XXI*”, arrancará o *I ENCONTRO POLA CAZA*, que se desenvolverá o sábado día 21 de abril, no Hotel Congreso, en Santiago de Compostela, ao que están convidadas tódalas sociedades de caza de Galiza.

Neste primeiro foro estudarase a situación actual da caza, avaliando os avances producidos e analizando o futuro que espera a esta vella actividade nos novos tempos. Entroutros, plantexaranse temas tan importantes e de máxima actualidade como “*os danos producidos pola caza, tanto en accidentes de circulación como nos cultivos*”, “*a delicada situación que atravesa a caza menor*”, “*os efectos sufridos polos cazadores como consecuencia dos incendios forestais*”, “*a presión de determinados grupos ecoloxistas en contra da caza*”, así como aqueles outros que as sociedades de caza e os cazadores galegos, alí presentes, demanden.

Nos vindeiros “*ENCONTROS POLA CAZA*”, que se celebrarán varias veces ao ano, debaterase sobre outros “*grandes*” temas que afectan ou poidan incidir no futuro desta actividade. Estarán invitados a participar diferentes persoas con bagaxe suficiente na vida cinexética, científica e naturalista en función dos contidos que se aborden en cadaún dos encontros.

Gabinete de Comunicación
www.federaciongalegadecaza.com

Os responsables das sociedades que teñan previsto asistir, deberán confirma-la súa presenza á Federación antes do vindeiro mércores día 18 de abril